XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE PRIMARIA Curso 2009/2010	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	HALLOWEEN
IDIOMAS	□ GALEGO □ FRANCÉS □ CASTELÁN □ OUTRAS LINGUAS: X INGLÉS
DESCRITORES A TRABALLAR	- Visualiza, escoita e comprende o conto. - Comunícase, conversa ou dialoga. - Escoita unha información. - Conta obxectos e identifica os números. - Recoñece e nombra cores. - Recoñece números. - Comprende a idea que se nos transmite nunha información. - Usa elementos non verbais da expresión oral. - Elaboración dunha máscara de Halloween.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	X COMPRENDER: □ comprensión auditiva / □ comprensión lectora X ESCOITAR X FALAR: □ expresión oral / □ interacción oral X LER X ESCRIBIR: □ expresión escrita
OBXECTIVOS	- Comprender globalmente un conto. - Identificar e nombrar cores. - Comunicarse, conversar ou dialogar. - Contar e expresar cantidades dende o 1 ao 10. - Desenvolver a capacidade de escoita na clase. - Emprega-la linguaxe oral de forma cada vez máis axeitada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendido. - Empezar a familiarizarse coa celebración anglosaxona de Halloween. - Disfrutar cantanto unha canción típica de Halloween. - Elaborar unha máscara de Halloween.
MATERIAIS	- Folios. - Lápices. - Lápices de cores. - Pegamento. - Fixo. - Gomas. - Cartolinas.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

	- Tesouras. - Punzóns.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	Na primeira sesión o profesor presenta o vocabulario (witch, black) mediante flashcards e comenza a recitar a canción facilitando mediante xestos, sons, etc, a comprensión da canción por parte dos alumnos. Posteriormente o profesor entregará a cada alumno unha folla de traballo e preguntará aos alumnos que é o que ven, cantas bruxas, de que cor sos os as súas roupas e estes terán que contestar. Para finalizar, os alumnos terán que colorear de negro a roupa das bruxas que está sen colorear. Tamén se practicaran as despedidas. Na segunda sesión o profesor contaralle aos alumnos o conto correspondente axudándose de imaxes, xestos, sons...para facilitar a comprensión por parte dos alumnos. Despois para comprobar se os alumnos entenderon o conto entregaránselle imaxes do conto e por grupos terán que reconstruír a historia. Para repasar as cores o profesor pedirá a cada alumno que lle mostre unha cor diferente e por último os alumnos colorearán un debuxo coa temática de Halloween seguindo as cores indicadas. Logo descubrirán de que persoaxe do conto se trata e terán que dicir quen é. Na terciera sesión repasaranse os números e mostraráselle aos alumnos unha flashcard do conto con 5 bruxas, cambiarémola por outra que ten dúas, dirémoslle que fixemos maxia e teranos que axudar para saber cantas bruxas marcharon, cantas terán que aparecer para chegar a 5, etc. Para finalizar mostraránselle aos alumnos distintas imaxes orixinais e posteriormente as mesmas imaxes manipuladas e eles terán que completalas co que falta ou eliminar o que sobra. Posteriormente faránselle preguntas que eles terán que contestar cun número. Na última sesión os alumnos terán que elaborar unha máscara de Halloween. Para comprobar que adquiriron o vocabulario da unidade o profesor enseñaralle as flashcards con todo o vocabulario e preguntaralle a cada un que imaxe elixe para facer a máscara e o alumno terá que dicir en inglés cal é a imaxe que queren para a súa máscara (witch, pumpkin...). Posteriormente procederase á elaboración da máscara. Os alumnos terán que colorear, picar e recortar a imaxe seleccionada e por último terán que poñer a goma para xa así ter a súa careta.
AVALIACIÓN: **Seguimento**	- Ser capaz de recoñecer o vocabulario da unidade. - Ser capaz de recoñecer números e cores. - Ser capaz de respectar turnos. - Ser capaz de cantar unha canción típica.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	- A totalidade do alumnado participou nestas actividades. Resultaron moi motivadoras e interesantes para todos os membros do grupo. Gozaron moito coas actividades propostas, sobre todo á hora de elaborar a máscara.
IMPACTO PREVISTO	– Coñecer celebracións típicas dos países de fala inglesa.